

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE MEAÑO PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 9302 EN BROULLÓN (PQ 0+780 AO PQ 0+970) E COBAS (PQ 2+400 AO PQ 2+550)”:

#### INTERVENĒN

*Dunha parte, María del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*

*Doutra parte, Carlos Viéitez Fernández, alcalde do Concello de Meaño no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 124.1 e.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*

*Da fe da formalización Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra. As partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, representación e a capacidade legal necesaria para subscribir a presente addenda ao Convenio de Colaboración e, con tal fin*

#### EXPOÑEN

- I. Que o 16 de novembro de 2021 a Deputación de Pontevedra e o Concello de Meaño formalizaron un convenio de colaboración para a execución das obras de Mellora da mobilidade peonil na EP 9302 en Broullón (PQ 0+780 ao PQ 0+970) e Cobas (PQ 2+400 ao PQ 2+550).*
- II. Que a cláusula novena do referido convenio establece que a vixencia do mesmo se estende ata o 31 de decembro de 2022 sendo prorrogable coa conformidade expresa das partes intervinientes en caso de que non se rematen as obras obxecto do mesmo no prazo indicado.*
- III. Actualmente as obras que son obxecto do convenio están en execución e non é posible a entrega ao uso público no prazo de vixencia establecido neste, razón pola que é necesario estender a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2023.*

*Por todo o anteriormente exposto, as partes manifestan expresamente a vontade de asinar unha addenda ao Convenio de Colaboración co obxecto de prorrogar a súa vixencia e PACTAN:*

*PRIMEIRO.- Estender ata o 31 de decembro de 2023 a vixencia do Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Meaño para a execución do proxecto de “Mellora da mobilidade peonil na EP 9302 en Broullón (PQ 0+780 ao PQ 0+970) e Cobas (PQ 2+400 ao PQ 2+550)”. A presente addenda entrará en vigor na data da súa sinatura.*

*As partes comprométense a realizar os axustes orzamentarios necesarios para manter os compromisos económicos establecidos no convenio, en relación ao novo período de vixencia, e que se imputan ás aplicacións orzamentarias 22/456.4530.612.02.2021 e 22/456.4530.612.02.*



*SEGUNDO.- En todo o demais, o texto do convenio asinado o 16 de novembro de 2021 mantense invariable, suxeitándose as partes ao establecido nas cláusulas.*

*TERCEIRO.- A presente addenda entrará en vigor na data da súa sinatura.*

*E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan electronicamente a presente addenda e a un só efecto.*